



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DO PROCESO SELECTIVO DUN FUNCIONARIO/A INTERINO/A TÉCNICO/A DE IGUALDADE

EXPEDIENTE: 2023/G003/001335

O 05 de setembro de 2023 por Resolución de esta alcaldía n ° 1120/2023, aprobáronse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino/a de técnico/a de igualdade.

Mediante Decreto da Alcaldía n° 1190/2023 do 25.09.2023 aprobouse a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, concedendo tres días hábiles a efectos de emendar as deficiencias sinaladas na devandita resolución.

O día 27.09.2023 con n° de rexistro 202399900001597, dona Alba Varela Tato con DNI ***9062** presenta alegacións a súa exclusión da lista provisional, alegando que sí cumpre os requisitos da base segunda da convocatoria. Despois de revisar de novo a documentación aportada pola aspirante con números de rexistro: 202399900001536, 202399900001537, 202399900001538 no prazo de presentación de instancias, apreciase un erro na súa exclusión, polo que se admite a alegación presentada.

O 27.09.2023 con n° de rexistro 202399900001593, dona M^a Carmen Pérez López con DNI ***9811** presenta alegación a súa exclusión da lista provisional e presenta de novo, a documentación para acreditar a formación específica en igualdade de xénero. Despois de revisar de novo a documentación, constatase que parte dos cursos/accións formativas non contan con homologación ou recoñecemento oficial das administracións públicas e os que si contan con esta homologación non acadan as 500 horas, polo que se desestima a alegación presentada.

Transcorrido o prazo de subsanación, vista a base 4 do proceso selectivo, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidas/os:

Nome	Apelidos	Dni
XIOMARA ERLINDA	LAZO FUENTES	***5643**
AMARA	PÉREZ DÁVILA	***1705**
MARÍA BELÉN	SANJURJO RODRIGUEZ	***8725**
MAR	SARANDESES PÉREZ	***0613**
ISABEL	TOJO CURROS	***6690**
ALBA	VARELA TATO	***9062**



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**Segundo.-** Lista definitiva de excluídas/os.

Nome	Apelidos	Dni
IRIA	CASAI RIVAS	***8607**
MARÍA JOSEFA	GIL ROSENDE	***4289**
MARIA DEL CARMEN	PÉREZ LÓPEZ	***9811**
ALEJANDRA MARIA	REGUEIRA IGLESIAS	***6634**
JONATAN	SANTOS SEOANE	***6052**

Terceiro.- Nomear o seguinte Tribunal cualificador.**PRESIDENTE**

Titular: Eduardo Mera Rico, interventor do Concello da Laracha

Suplente: Ramón Soengas Gómez, arquitecto do Concello da Laracha

SECRETARIO

Titular: Marta Vázquez Garea, secretaria do Concello da Laracha

Suplente: Juan C. Antelo Martínez, técnico de administración xeral do Concello da Laracha

VOGAIS

Titular Ana Aldao Corral, funcionaria directora do CIM do Concello da Laracha

Titular: Jorge Vidal Zapatero, tesoureiro do Concello da Laracha

Titular: María José Pombo Vilarinho, traballadora social do Concello da Laracha

Suplente: Ana Carmen Jiménez Mosquera, axente de desenvolvemento Local do Concello da Laracha

Suplente: Patricia García Varela, arquitecta técnica do Concello da Laracha

Suplente: Lucía Barreiro Angeriz, xefa de negociado do departamento de secretaría do Concello da Laracha

Cuarto.- Fixar a data de constitución do tribunal e de valoración de méritos para o xoves 05 de outubro as 13.00 h.**Quinto.-** Fixar a data do exercicio da fase de oposición para o mércores 11 de outubro ás 09:00, no Concello da Laracha (Pza. do Concello s/n, 15145 A Laracha).



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Sexto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na web do concello.
(<https://www.alaracha.gal/>)

Asinado dixitalmente polo sr. alcalde accidental, José Ramón Martínez Barbeito, do que eu secretaria Marta Vázquez Garea, dou fe

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen perxuízo de calquera outro recurso o acción que estime procedente.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es>.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

